

Non enmascaras a túa responsabilidade: as máscaras desbotables, ao contedor da fracción resto

Ano: 2020

O correcto uso dos elementos de protección individual fronte ao COVID-19 (máscaras, xel hidroalcohólico, luvas, etc) faise indispensable para evitar, ou alomenos minimizar, a propagación dunha pandemia que, ademais de constituír unha seria ameaza para nosa saúde e economía, alterou substancialmente a nosa forma de vida.

- Tomar conciencia da situación faranos máis cautelosos e precavidos. Debemos protexernos a nós mesmos e axudar á protección dos demais.
- O consumo responsable cobra de novo protagonismo e, como alternativa ás máscaras hixiénicas dun só uso, recoméndase as reutilizables (de especificación UNE 0065), que propician en boa medida a redución de residuos.
- En caso de optar polas máscaras desbotables, unha vez esgotada a súa vida útil deben depositarse no contedor verde convencional, en bolsa pechada, xunto coa fracción resto (bolsa negra). En Sogama, a parte non reciclable do lixo valorízase enerxeticamente, e con todos os controis ambientais, a temperaturas superiores a 850°C, permitindo deste xeito a destrución de axentes nocivos. Mesmo percorrido seguen as luvas de usar e tirar, confeccionadas habitualmente con vinilo, vitriilo, polietileno ou látex.
- As máscaras desbotables constitúen un dos novos residuos hixiénico- sanitarios que acaban abandonados na natureza. A maioría están fabricadas con polipropileno non tecido (un tipo de plástico), polo que o seu negativo impacto na contorna non ofrece dúbida.
- Unha máscara hixiénica común tarda entre 300 e 400 anos en degradarse no medio natural. E nese intervalo de tempo pode afectar aos ecosistemas de distintas formas.

- Estar vixiante no correcto uso das máscaras conforme ás instrucións das autoridades competentes en cada momento e xestionalas correctamente unha vez convertidas en refugallos, resulta esencial. Baixo ningún concepto poden arroxarse á vía pública ou ao medio natural, toda vez que constitúen un foco de contaminación.
- Pola súa banda, o destino dos envases de xel hidroalcohólico debe ser o contedor amarelo para propiciar a súa separación na planta de clasificación de Sogama e posterior envío ao correspondente centro reciclador.
- Imponse o rigor desde a dimensión hixiénica. Completemos a protección co lavado frecuente de mans, evitemos tocarnos a cara e manteñamos a distancia de seguridade con outras persoas.

Vídeo: <https://vimeo.com/472616549> [1]

Loitar contra o COVID é RESPONSABILIDADE de todos

Source URL: <https://www.sogama.gal/gl/campanha/non-enmascaras-t%C3%BAa-responsabilidade-m%C3%A1scaras-desbotables-ao-contedor-da-fracci%C3%B3n-resto>

Ligazóns

[1] <https://vimeo.com/472616549>